



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 27 DE AGOSTO DO 2020.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p><b>Interventor:</b> D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretaria acctal.:</b> D<sup>a</sup>. María Sieira Ríos</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos</p>
---	---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e sete de agosto do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

**II.- CONTRATACIÓN.**

**1.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA O USO E EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO DE HOSTALERÍA (CON TERRAZA) ASÍ COMO DA XESTIÓN DO ECOPARQUE, EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITOS NO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE (RIBEIRA).**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para o "Uso e explotación do quiosco de hostalería (con terraza) así como da xestión do ecoparque, en terreos de titularidade municipal sitios no Parque Periurbano de San Roque (Ribeira).

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/10/2017, a favor da empresa "**GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.**" (CIF : **B70072905**), e o correspondente contrato asinou-se na data 23/11/2017.





Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 3.000,00 euros, segundo xustificante de transferencia bancaria realizada por Golfiño Xestión de Ocio, S.L., na data 02/10/2017, a favor do Concello de Ribeira.

Tendo en conta que rematou o período de execución do contrato e que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do mesmo.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre a garantía depositada.

Vistos os informes emitidos pola técnica municipal dinamizadora do Parque de San Roque, Sandra María Fernández Gómez, como responsable do contrato, da data 27/05/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 03/06/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 3.000,00 euros constituída por “GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.” (CIF : B70072905), para responder da execución do contrato administrativo para o uso e explotación do quiosco de hostalería (con terraza) así como da xestión do ecoparque, en terreos de titularidade municipal sitos no Parque Periurbano de San Roque (Ribeira).**

## 2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DO SERVIZO DENOMINADO “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar o servizo denominado “**Campamentos de Conciliación do Verán e Nadal Cultural**”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión da data 23/06/2016, a favor da empresa “GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.” (CIF : B70072905), e o correspondente contrato asinouse na data 29/06/2016.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 3.411,42 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 20/06/2016, xustificativa de constitución de fianza mediante aval de Abanca (R.E.A 355182).

Tendo en conta que rematou o período de execución do servizo e que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías depositadas.

Vistos os informes emitidos polo programador de exposicións e xestor cultural municipal Unai González Suárez, da data 07/07/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 07/07/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**





A cancelación e devolución da **garantía definitiva de 3.411,42 euros** constituída por **“GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.”** (CIF : B70072905), para responder da execución do contrato do servizo denominado **“Campamentos de Conciliación do Verán e Nadal Cultural”**.

### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/08/2020 **“Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no Lote 2 Circuito Pump Track do expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “Melloras nas instalacións deportivas de A Fieiteira”**”.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/08/2020 **“Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “Pavimentación do vial e beirarrúas no polígono industrial de Xarás”**”.

### IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

**SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS. SOLICITANTE: JORGE PARADA FERNANDEZ EN REPRESENTACIÓN DA COOPERATIVA CENTRO TECNOLÓXICO DO BARBANZA, SCG. CIF: F70585658**

D. Jorge Parada Fernández, con DNI 52930684W, solicitou espazo no Viveiro de Empresas na data 21/07/2020, núm. rexistro entrada 8.738 en representación da Cooperativa Centro Tecnolóxico do Barbanza, S.C.G., da que forman parte como socios, a parte do solicitante, Daniel de la Concepción Fernández, con DNI 52930619Y, Tania Rodríguez Cadillo, con DNI 53483326T e Fernando Ferro Cebreiro, con DNI 44.807.107W.

O proxecto, que xa está en marcha, e para o cal solicita un espazo no Viveiro, desenvolverase dentro do sector servizos.

O Centro Tecnolóxico do Barbanza nace coa finalidade de ofrecer un servizo de mellora e solucións tecnolóxicas para as empresas, constituíndose como o medio idóneo mediante o cal abrir novas portas a través de internet.

A idea xurdiu da aposta de catro persoas, que xa traballaron xuntas neste sector, por sumar as súas experiencias multidisciplinares nun proxecto cooperativo propio.





O obxectivo do Centro Tecnolóxico do Barbanza é acompañar ao tecido empresarial na súa andaina dixital, facilitándolles ás pequenas e medianas empresas, tanto do ámbito TIC como doutros, asesoramento, formación e ferramentas tecnolóxicas a medida que lles permitan optimizar o seu traballo e gañar en produtividade.

Os servizos a ofertar e cos que pretenden mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas galegas introducindo o uso de ferramentas TIC na súa xestión son os seguintes:

1. Elaboración de páxinas Web: *LandingPage; Web Empresa; Tenda Online; Aplicación Web.*
2. Apps Móviles
3. Aplicacións de Escritorio
4. Consultoría de formación
5. Consultoría Tecnolóxica

En base aos datos achegados polo solicitantes o proxecto considérase viable, ademais xa levan un ano en funcionamento polo que as cifras iniciais que presentan xa son reais e como se pode apreciar na documentación as cifras de beneficios van en aumento para os vindeiros anos.

Visto que a cooperativa está en funcionamento dende o 17/06/2019 e visto o “artigo 3.- Beneficiarios”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que:

“1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:  
(...) b. Empresas de recente creación. Empresas xa existentes cunha antigüidade máxima do negocio de 24 meses desde o inicio da actividade ata a data de presentación da solicitude. (...)”

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de desenvolvemento local, María Paz Vidal, de data 26/08/2020, por unanimidade dos presents, acorda:

**Primeiro.-** ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á cooperativa “Centro Tecnolóxico do Barbanza”, no cal poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos a contar dende o 01/09/2020.

**Segundo.-** facerlle entrega, no momento da sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Ribeira” e dos planos do Viveiro de empresas.





**V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2020-2021**

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, Ana Isabel Ruiz Reiriz**, de data 25/08/2019, na que solicita a aprobación da convocatoria de axudas á escolarización para o próximo curso 2020-2021.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/08/2020.





Vista a documentación que obra no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a) Aprobar a convocatoria das axudas á escolarización para o curso académico 2020-2021 en dúas liñas:

- Liña 1: 231A 480.14 cun importe de 30.000 euros, dos cales 4.000 euros serán destinados a adquisición de libros e material escolar e 26.000 euros a comedores escolares.
- Liña 2: 231C 480.04 cun importe de 30.000 euros, dos cales 4.000 euros serán destinados a adquisición de libros e material escolar e 26.000 euros a comedores escolares (Programa xantar na escola COVID-19,) para o vindeiro curso 2020-2021; segundo os criterios das bases que constan no expediente

b) Que se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA SOCIAL ANO 2020.**

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/08/2020, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2020.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/08/2020.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para entidades sen ánimo de lucro – liña acción social correspondente ao exercicio 2020.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretaria xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**O Alcalde**  
**Manuel Ruiz Rivas**

**Dou fe, a secretaria acctal.**  
**María Sieira Ríos**

